


PASEOS CON LIBRO



Ribadavia



Ribadavia



A vila de Ribadavia, capital do ribeiro, exténdese á beira do río Miño alí onde recolle as augas do seu afluente o río Avia.

Os primeiros poboadores foron os celtas, atraídos pola riqueza das súas minas. Posteriormente habitaron nela os romanos, que se adicaron a extracción do ouro e ao uso das augas termais. Polo seu testimonio sábese que pola metade do século II a.C. elaborábase xa o viño do ribeiro.

No século XI obtivo o título de capital do Reino de Galicia durante o reinado de Don García, en parte pola comercialización exitosa do viño do Ribeiro. Nesta época asentouse na vila unha importante comunidade xudea.

No século XIV os ingleses invadiron e saquearon Ribadavia logo dun longo asedio no que os habitantes da xudería se destacaron na defensa das portas da muralla.

No século XV os Reis Católicos crearán o Condado de Ribadavia a favor de Pérez Sarmiento, pola axuda prestada por este noble. Estes reis expulsarán aos xudeus, pero no Reino de Galicia moitos convertiranse ao cristianismo e outros refuxiáronse en Portugal, para regresar máis tarde.

No século XIX apareceu na comarca unha praga nas vides, o oídiu, que arrasou a produción vitivinícola e iniciou unha época de fame e ruína en Ribadavia.

A finais do mesmo século o mildu e a filoxera volveron a atacar as vides, e as plantas autóctonas foron substituíndose por outras máis fortes pero de peor calidade, e gran parte da poboación houbo de emigrar.

A principios do século XX os habitantes formaron asociacións agrícolas para modernizar os seus cultivos e para que o goberno derogase os foros que gravitaban sobre os viñedos facendo que o nivel de vida fose moi baixo e medrase a sangría da emigración. Ribadavia será unha das capitais do agrarismo e da loita contra os foros.

A vila foi unha das primeiras poboacións galegas en celebrar a chegada da II República. No inicio da Guerra Civil, o seu alcalde será fusilado polas tropas Nacionais.

O CASTELO DOS CONDES SARMIENTO

A súa construción data do século XV, e foi cedida a D. Pedro Ruiz Sarmiento, que logo será nomeado Conde de Ribadavia. Foi abandonado no século XVII cando os condes fixaron a súa residencia no chamado Pazo dos Condes, na Praza Maior, comunicado co Castelo por unha porta.



A muralla conserva 3 das súas 5 portas. Na actualidade, debido ao seu estado ruinoso estanse acometendo obras de restauración.

No seu interior construíuse o Auditorio, onde se celebra a Mosra Internacional de Teatro.

O BARRIO XUDEU.

En xeneral consérvase en bo estado. O seu centro consti-túe o praza da Magdalena. O barrio xudeu de Ribadavia foi declarado Monumento Nacional e conserva moitas vivendas con adegas que no seu día foron utilizadas na elaboración do viño e como talleres artesanais.

